

Código do documento	Código do expediente
UDP15I0091	UDP/2021/23
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5G4K 585B 3N1G 1O1I 0938	

CFP

RESOLUCIÓN

Visto o informe de data 30 de novembro de 2021 (UDP15I0090), emitido por Carlos Fernández Puyol, xefe de servizo de Deportes e Participación Cidadá, que literalmente di:

“Carlos Fernández Puyol, xefe de servizo de Deportes e Participación Cidadá,

INFORMO :

Con data 10/11/2021 foi presentada a solicitude por parte deste concello para participar na Campaña de neve 2022 organizada pola Deputación da Coruña.

Dita campaña está dirixida a nenos e nenas de entre 12 e 15 anos ambos inclusive (cumpridos a 31 de decembro de 2021) e terá lugar na estación VALGRANDE-PAJARES (ASTURIAS), sendo a quenda correspondente a Culleredo do 4 ao 7 de febreiro de 2022.

C.I.F. P-1503100-H

O prezo de inscrición é de 85,00 € (oitenta e cinco euros) e os participantes deberán estar empadroados en Culleredo.

O Concello de Culleredo ten adjudicadas 12 PRAZAS. En caso de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas, realizarase un sorteo público para adjudicar aquelas. Terán preferencia os/as rapaces/zas que non foran a ningunha campaña de neve da Deputación.

O prazo de inscrición é do 1 ao 14 de decembro de 2021 e deberán presentarse as inscricións a Alcaldía -Presidencia no rexistro xeral do Concello no modelo debidamente cumprimentado (Casa Concello Tarrío), no rexistro auxiliar sito no Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo), na sede electrónica ou poderán presentarse en calquera outra forma prevista na Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas”.

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir o prazo para a presentación de solicitudes de participación na Campaña de neve, sendo aquel do 1 ao 14 de decembro de 2.021, ambos incluídos.

Segundo.- Publicar dito prazo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Culleredo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Código do documento	Código do expediente
UDP15I0091	UDP/2021/23
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5G4K 585B 3N1G 101I 0938	

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

C.I.F. P-1503100-H

Culleredo,

A proposta de

O xefe de servizo de Deportes e

Participación cidadá

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,

A concelleira delegada de Política social e
promoción do Deporte

*P.D. (Resolución do 16.12.2020,
BOP núm. 225 de 31.12.2020)*

Dou fe,
A secretaria xeral